



Concello de Cangas

## **XUNTANZA COA DIRECTORA XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA PARA TRATAR A NOVA ORDE DE SUBVENCÍONS DE ATENCIÓN TEMPERÁ**

*Xuntanza entre representantes de Xunta e do Concello de Cangas para abordar dúbidas sobre a nova orde de servizos de atención temperá no marco da Rede Galega de atención temperá.*

Cangas, 9/06/2017

O concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, Tomás Hermelo, acompañado da coordinadora da Aula de Atención Temperá de Cangas, Claudia González, reuníronse onte en Compostela coa Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Amparo González, e a Subdirectora Xeral de Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia, Carmen Orgeira, para trasladar as necesidades e dúbidas sobre a nova convocatoria, aínda por publicarse de axudas para Aulas de Atención Temperá.

Esta xuntanza nace da necesidade de consenso nos requirimentos da nova orde para adaptar o noso servizo os requirimentos da Xunta, xa que estando en proceso de redacción é posible que as nosas demandas sexan recollidas.

Demandamos que a orde recolla que o período de subvención sexa desde xaneiro de 2017, para aqueles concellos que na actualidade non son perceptores da subvención.

Outras das nosas demandas xorde á hora de contabilizar ás persoas usuarias e horas de atención. En Cangas as persoas usuarias poden ser atendidas á vez por diferentes profesionais, por este motivo é preciso que estas horas de atención se contabilicen por separado para cada profesional e non como unha única solicitude de atención.

A maiores, acláranse dúbidas do propio funcionamento e dos requisitos para optar á subvención, como a coordinación con centros médicos e educativos e a necesidade de poñer en funcionamento unha plataforma dixital que permita compartir información entre administracións e profesionais.



## Concello de Cangas

Estas demandas foron recollidas e de principio valoradas positivamente pola Xunta, de todos xeitos comprometémonos a enviar por escrito estas necesidades para un mellor estudo e recollida.

A Aula de Atención Temperá atende a día de hoxe a 64 pacientes, e ao longo do ano son máis de 80 as persoas que empregaron este servizo. Estes datos a día de hoxe confirman o bo funcionamento da Aula situándonos no ratio necesario para poder optar á subvención. Do mesmo xeito as 3 profesionais están integradas na Rede Galega de Atención Temperá, acudindo a tódalas formacións e xuntanzas realizadas, e os diferentes protocolos de actuación empregados en Cangas son os mesmos que na Rede Galega de Atención Temperá.

*Gabinete de Comunicación*